

AO CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.

Na Base vixésimo cuarta da **ORDE do 14 de marzo de 2018 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso aos diferentes corpos docentes** recóllense como condicións para a inclusión nas listas de interinidades e substitucións das persoas aspirantes a superación da primeira proba ou a posesión para cada especialidade de unha das titulacións que se relacionan.

- Na especialidade **Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos** figuran as seguintes Enxeñarías: Industrial, Aeronáutica, de Telecomunicacións, Naval e Oceánica, Agrónoma, de Minas, Xeolóxica. Tamén se recollen ata sete diferentes Enxeñarías Técnicas en todas as especialidades, Diplomatura e Licenciatura en Máquinas Navais, Arquitectura, dezaseis diferentes Graos en Enxeñaría e os Graos en Arquitectura e Arquitectura Naval. **É de sinalar que entre as titulacións figura o Grao en Enxeñaría Química.**

- Na especialidade **Instalacións e Mantemento de Equipos Térmicos e de Fluídos** recóllense as Enxeñarías: Industrial, Aeronáutica, Naval e Oceánica, Agrónoma e de Minas. Acéptase a Licenciatura en Arquitectura, Licenciatura e Diplomatura en Máquinas Navais, Arquitectura Técnica, ata sete diferentes Enxeñarías Técnicas en todas as especialidades, Graos en Arquitectura, Arquitectura Técnica, Arquitectura Naval, e catorce Graos en Enxeñaría.

No Anexo VII desa mesma ORDE, no que se relacionan as titulacións concordantes para a fase de oposición no procedemento selectivo de acceso a corpo de grupo superior (relativo á Base décimo quinta).

- Para a especialidade **Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos** figuran as Enxeñarías: Industrial, Aeronáutica, de Telecomunicacións, Naval e Oceánica, Agrónoma, de Minas, Xeolóxica. Tamén se recollen ata sete diferentes Enxeñarías Técnicas en todas as especialidades, Diplomatura e Licenciatura en Máquinas Navais, Arquitectura, dezaseis diferentes Graos en Enxeñaría e os Graos en Arquitectura e Arquitectura Naval. **É de sinalar que entre as titulacións figura o Grao en Enxeñaría Química.**

Xa na MESA SECTORIAL e nun correo posterior dirixido ao Subdirector Xeral de Centros e Recursos Humanos a **CIG-Ensino** demandou que a titulación de Enxeñaría Química se incluíse como habilitante para o acceso ás listas de interinidades e substitucións (Base vixésimo cuarta) para as especialidades:

- Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos.
- Instalacións e Mantemento de Equipos Térmicos e de Fluídos.

Igualmente entendemos que se debe incluír esta titulación de Enxeñaría Química como titulación concordante no procedemento de acceso a corpo de grupo superior (Anexo VII) para a especialidade:

- Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos.

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ENTRADA 4634 / RX 875818

Data: 03/04/2018 12:05:36



O plan de estudos da titulación de Enxeñaría Química habilita para impartir docencia nas especialidades de Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos e Instalacións e Mantemento de Equipos Térmicos e de Fluídos, pois é unha das titulacións existentes máis especializadas nos currículos correspondentes con estas especialidades e en maior medida que a meirande parte das titulacións relacionadas na Base vixésimo cuarta e no anexo VII como concordantes para Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos e Instalación e Mantemento de Equipos Térmicos e de Fluídos.

Para as especialidades indicadas, como indicamos, non se recoñece a titulación Enxeñaría Química pero si a titulación de Grao en Enxeñaría Química. As diferenzas entre os plans de estudos de ambas titulacións non xustifican a exclusión de Enxeñaría Química.

A titulación de Enxeñaría Química está recoñecida como de nivel 3 do Marco de Cualificacións para a Educación Superior mentres que o Grao está recoñecido como de nivel 2 segundo a Resolución do 21 de xullo de 2015, publicada no BOE do 12 agosto de 2015 na que se acorda a Determinación do nivel MECES do título universitario de Enxeñeiro Químico: “De conformidade co establecido no artigo 24 do Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro, determínase que o título oficial universitario de **Enxeñeiro Químico correspóndese co nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior**”. Téñase en conta a este respecto que o Real Decreto 1027/2011, de 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, establece catro niveis de cualificación en función dos resultados de aprendizaxe que proporcionan os estudos oficiais: o nivel de Técnico Superior inclúese no nivel 1, **o de Grao no nivel 2, o de Máster no nivel 3**, e o de Doutor no nivel 4.

Incidindo nesta argumentación cabería contrastar os plans de estudos do Plan de Estudos de Enxeñaría Química e o de Grao en Enxeñaría Química, comprobando que non existe, na nosa opinión, razóns para excluír a antiga titulación de Enxeñaría Química de ambos concordancias, tanto para a inclusión en listas como para a promoción interna. Achéganse como Anexo a este escrito.

Por todo isto, solicitamos que se emende o erro e se rectifiquen a Base vixésimo cuarta e o Anexo VII da ORDE do 14 de marzo de 2018 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso aos diferentes corpos docentes, incluíndo a titulación de Enxeñaría Química nas especialidade **Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos e Instalacións e Mantemento de Equipos Térmicos e de Fluídos** no caso da inclusión en listas de persoal interino e na de **Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos** para o procedemento selectivo de acceso a corpo de grupo superior.

Sen máis, reciba un cordial saúdo.

Compostela, venres 23 xuño 2017



Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino

**CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.
EDIFICIO ADMINISTRATIVO SAN CAETANO. SANTIAGO DE COMPOSTELA**

ANEXO.

PLANS DE ESTUDOS DE ENXEÑARÍA QUÍMICA E GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA

Plan de estudos de Enxeñaría Química: (BOE 23 de setembro 1994)

Primeiro curso:

- Álgebra.
- Cálculo I
- Física I
- Laboratorio de Química Básica.
- Técnicas experimentais en Física.
- Linguaxe e Sistemas de Computación.
- Química Básica.
- Cálculo II.
- Estatística.
- Laboratorio de Química Inorgánica.
- Química Inorgánica.
- Física II.
- Introducción a Enxeñaría Química.
- Laboratorio de Física.

Segundo Curso:

- Fundamentos de Enxeñaría Química.
- Laboratorio de Química Analítica.
- Química Analítica.
- Ecuacións Diferenciais.
- Laboratorio de Termodinámica Química.
- Termodinámica Química.
- Debuxo Técnico.
- Laboratorio de Fenómenos de Transporte.
- Laboratorio de Química Física.
- Química Física.
- Química Orgánica.
- Fenómenos de Transporte.

Terceiro Curso:

- Laboratorio de Química Orgánica.
- Termodinámica Aplicada á Enxeñaría Química.
- Transporte de Fluídos.
- Inglés Técnico.
- Química Orgánica II.
- Cinética Química Aplicada.
- Laboratorio de Fluídos e de Calor.
- Transmisión de Calor.
- Ciencia de Materiais.

Optativas terceiro curso, (escoller 12 créditos), que para a USC foron

- Análise Instrumental.
- Aplicacións Informáticas á Enxeñaría Química.
- Métodos Numéricos.

Cuarto Curso:

- Economía e Organización Industrial.
- Enxeñaría das Reaccións Químicas I.
- Laboratorio Enxeñaría Reacción Química.
- Transferencia de Materia I.
- Laboratorio de Transferencia de Materia.
- Simulación e Optimización de Procesos Químicos.
- Enxeñaría das Reaccións Químicas II.
- Transferencia de Materia II.

Optativas cuarto curso, (escoller 12 créditos), que para a USC foron:

- Tecnoloxía da Madeira.
- Tecnoloxía de Materiais Cerámicos e Refractarios.
- Termotecnia.
- Control de Calidade.
- Enxeñaría Bioquímica.
- Simulación de Procesos Industriais.

Quinto Curso:

- Control e Instrumentación.
- Desenvolvemento de Proxectos.
- Procesos de Química Industrial.
- Resistencia de Materiais.
- Tecnoloxía do Medio Ambiente.
- Seguridade e Hixiene.
- Proxecto Fin de Carreira.

Optativas de quinto curso, (escoller 12 créditos), que para a USC foron:

- Avances de Enxeñaría Química.
- Control de Procesos.
- Enxeñaría Ambiental.
- Metalurxia.
- Petroquímica.

Plan de estudos de Grao en Enxeñaría Química: (BOE 22 de febreiro 2011)

Primeiro Curso:

- Física.
- Informática.
- Matemáticas.
- Química Fundamental.
- Fundamentos dos Procesos Químicos.
- Inglés Técnico.
- Química Inorgánica.
- Análise de Procesos Químicos.
- Estatística.

Segundo Curso:

- Química Analítica.
- Ecuacións Diferenciais.
- Termodinámica Aplicada á Enxeñaría Química.
- Electrotécnica.
- Transporte de Fluídos.
- Expresión Gráfica.
- Economía de Empresa.
- Transmisión de Calor.
- Química Orgánica.
- Laboratorio de Transporte de Fluídos e Transmisión de Calor.

Terceiro Curso:

- Ciencia de Materiais.
- Transferencia de Materia.
- Sistemas de Producción Industrial.
- Enxeñaría da Reacción Química.
- Enxeñaría Ambiental.
- Enxeñaría Bioquímica.
- Control de Procesos.
- Reactores Químicos.
- Enxeñaría de Procesos.
- Fundamentos de Máquinas e Resistencia de Materiais.

Optativas de terceiro Curso, que para a USC son (a escoller 9 créditos)

- Operacións de separación.
- Xestión da calidade.
- Xestión e tratamento de residuos.
- Xestión e tratamento de augas.

Cuarto Curso:

- Laboratorio de Procesos Químicos.
- Proxecto de Equipos e Instalacións.
- Simulación e Optimización.
- Automática Industrial.
- Aula Profesional.
- Traballo fin de grao.

Optativas de Cuarto Curso, que para a USC son (a escoller 9 créditos)

- Procesos de química industrial.
- Seguridade e prevención de riscos.
- Prevención e control da contaminación atmosférica.
- Laboratorio de enxeñaría ambiental.